



## WOSINC #INTRODUCCIÓN#

WOSINC é un encontro de carácter anual que defende unha visión ampla da cultura alternativa e de vangarda. Coa música como motor principal pero cunha clara vocación multidisciplinar, promove, a partir dun contexto íntimo, a busca e difusión de novas propostas culturais.

Música, artes visuais, cine, artes escénicas, coloquios, conferencias e gastronomía danse cita do 11 ao 13 de setembro en máis de dez espazos emblemáticos de Santiago de Compostela.

## WOSINC #INCUBADORA CULTURAL#

Algo cambiou na construción do discurso cultural na segunda década deste século. Redefínese o modelo de mecenado e ábreanse as portas ao traballo colaborativo.

Do evento pasamos á experiencia, da xerarquía ao organigrama líquido, e da oficina saltamos á incubadora de ideas, deseñando WOSINC en colaboración con diferentes axentes culturais de traxectoria contrastada.

## WOSINC #UNHA OLLADA AO FUTURO DOS EVENTOS CULTURAIS#

WOSINC revélase como ponte cara unha nova maneira de construír a cultura. Da programación de eventos á creación dun tecido creativo, da xestión económica á xestión sociocultural, da contemplación á participación activa. O noso obxectivo é redefinir o espazo urbano, concibindo WOSINC como un laboratorio de investigación social no que identificar tendencias e novos hábitos de consumo. Cunha programación cultural coidada e selectiva para un público novo en constante busca de novos códigos culturais que quere ser apreciado, coidado e escoitado.

A cidade histórica de Santiago de Compostela é o enclave perfecto para trazar unha liña que xunte tradición e vangarda. Aporta un entorno envexable e espazos cun forte carácter nos que levar a cabo experiencias únicas. WOSINC propón a recuperación do lugar como escenario – no sentido de espazo con historia e cualificado – como valor singular dun proxecto que contribúe a facer cidade e xeolocalizala no universo cultural.

## WOSINC #ESPAZOS#

A Sala Capitol, o Mercado de Abastos, o Teatro Principal, a Igrexa da Universidade, a Fundación SGAE, a Zona C (Museo do Pobo Galego), a Fundación Eugenio Granell, o CGAC, o Salón Teatro e a nova sala de cine NUMAX son os espazos nos que se desenvolve a segunda edición de WOSINC.

## WOSINC #COLABORA#

O noso evento naceu e desenvólvese con afán integrador dos axentes culturais da cidade de Santiago e de toda Galicia.

A colaboración e soporte do Concello de Santiago de Compostela e outras institucións presentes na cidade é base de viabilidade para un evento que trata de ser aglutinador dunha nova ollada á cultura. Nesta segunda edición, contamos coa colaboración de dous protagonistas no eido audiovisual na capital galega: a nova sala de cine e cooperativa cultural NUMAX; e o Festival Internacional de Cine Curtocircuíto.

11-13 · SETEMBRO · 2015  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**WOSINC**

## WOSINC #MÚSICA#

### BALA (GZ)



As galegas Bala presentan no WOSINC o seu álbum de debut Human Flesh (Matapadre, 2015) que leva xa uns meses levantando unha expectación non vista antes no rock underground galego. Militantes da actividade subterránea que semella que quere asoma-la cabeza no panorama galego, o seu rock intenso e noventeiro lévaas moito máis lonxe do cliché das riot girls. Ábrese un camiño inexplorado.

### BLACK BOMBAIM (PT)



Saídos dunha canteira sen par no país veciño, Barcelos, e adicados a habitar a carreteira, o escenario e a experimentación, Black Bombaim unha rara avis na música independente do estado luso. Logo de catro discos, incontables xiras internacionais e colaboracións, así coma comparacións dentro e fora do stoner rock coma Earthless, Maserati ou Electric Masada, son xa unha figura do rock instrumental internacional. Far Out (2014, L&L) e o seu último lanzamento.

Black Bombaim estarán no showcase de celebración do décimo aniversario do selo portugués Lovers & Lollypops dentro do programa de WOSINC.

### DJ BLUEMOUSE (GZ)



Namorado de melodías, ritmos e a carga sónica dende a súa infancia, Bluemoouse procura traducir os significados ocultos do espazo onde a súa sesión está a acontecer e as persoas que o habitan. Á busca dun fío conductor por riba de estilos e velocidades, as súas pinchadas parten da improvisación para rematar conformando un elemento vivo e palpable, aínda que sempre descoñecido.

## CRÓ (GZ)




Para o público galego e estatal, comezan a sobrar as presentacións para Cró! A banda viguesa leva xa máis de oito anos retorcendo a súa visión do rock, mesturando na súa paleta todos os ingredientes da música psicodélica e progresiva. Pera (Metamovida, 2012) é o seu último lanzamento ata a data, e xa están a preparar o seu próximo artefacto, que agardamos con ansiedade.

## CUCHILLO DE FUEGO (GZ)



Aínda que aos Cuchillo de Fuego (Amawisca, Pontevedra) “non lles cabe o corazón no peito”, son unha formación lacerante e abrasiva. Pervivindo no instante actual constantemente – a súa lírica átase con forza ao presente – son a manifestación perfecta dunha xeración de músicos galegos reflexivos, independentes e militantes na transmisión íntegra da súa mensaxe. Entregados e empáticos no directo, nunca defraudan.

## DANIEL KNOX (US)



Como saíndo dunha fábula de puro estilo Lynch, a voz barítono de Daniel Knox busca e atopa enseguida o seu oco dentro tanto de atmosferas inquedantes coma de pezas de orfebrería pop de gran beleza. Co seu disco homónimo publicado por Carrot Top (onde militan, por exemplo, The Handsome Family) no 2015 alcanzou o seu tope creativo ata o día de hoxe e promete unha experiencia sobrecolledora no seu directo.

## DEAN ROBERTS (NZ)



En forma de grupo de rock en Thela, baixo o seu nome ou pseudónimo ou en proxectos experimentais coma Autistic Daughters, o neozelandés Dean Roberts leva xa varias décadas instalado – que non acomodado – na vangarda. Diversas liñas de conexión o achegan a Kranky Records, aos Sonic Youth mais ruidistas ou Jim O’Rourke, entre moitos outros.

## ELA ORLEANS (PL)



A artista polaca instalada en Glasgow Ela Orleans é unha creadora inqueda e maximalista. Múltiples colaboracións (Dirty Beaches, Lee Ranaldo, Magic Markers...) e traballos en casas tan prestixiosas como Warp ou ou All Saints Music acreditan unha traxectoria marcada pola necesidade de escribir a “película sonora definitiva”. As súas armas son o pop pastoral, a narrativa complexa e as texturas electrónicas e adornos de orquestra.

## EQUATIONS (PT)



Os xuvenís portugueses Equations despuntaron co seu debut Frozen Caravels (L&L, 2012) xirando en torno ao math rock e post-hardcore, e cando un horizonte de posibilidades se abría diante da banda, decidiron comezar de novo e dar un xiro total á súa proposta. Hightower (L&L, 2014) é a porta de entrada ao synth pop, o rock espacial de Amon Düül II e unha revisión actualizada das mellores pasaxes de Neu!.

## FILHO DA MÃE & RICARDO MARTINS (PT)



Rui Carvalho e Ricardo Martins non son uns calqueira na música independente portuguesa. Membros de Lobster, If Lucy Fell e Adorno entre moitos outros, ambos artistas reuníronse a finais do ano pasado sen ningún propósito firme, pero co resultado inevitable dunha colaboración en forma de Tormenta (Revolve, 2015), un disco único e irrepitible, e cunha máxima manifestación sobre un escenario.

## FLUZO (GZ)



Fluzo son un dos segredos mellor gardados da música estatal. Hevi (Malandrómeda) e Javi (Dúo Cobra) habitan unha terra sen leis onde lle zocan por igual ao rap, a cultura 8bit ou o blues primixenio. Armados o primeiro cun pequeno universo lírico forxado na Galicia milenaria de tabernas e pedra mollada, o segundo con infinitos elementos de circuit-bending e chiptune e mais teclados de sonoridades imposibles traídos dende algún lugar e tempo ao outro lado do telón de aceiro, Fluzo é unha conta pendente que WOSINC por fin foi quen de pagar.

## GIRL BAND (IR)



Holding Hands With Jamie (Rough Trade, 2015) é o disco de debut dos dublineses Girl Band que será publicado en setembro, e chega para confirmar a unha banda de noise-rock visceral e afiada pero que ten a súa música guiada por un fío de agresivo post-punk que non fai concesións para a comparación e as referencias.

## L&L SOUNDSYSTEM (PT)



Lovers & Lollypops é un pequeno gran selo discográfico e promotora musical de Barcelos (Portugal) que dende a súa personalísima visión da música alternativa, ten axitado durante dez anos a bandeira da independencia, xa fora en forma de evento (Milhões de Festa, Tremor) ou axudando a múltiples artistas portuguesas a abrirse camino no panorama internacional (Black Bombaim, The Glockenwise, Throes & The Shine, Killimanjaro). 68 referencias e moitísimos concertos despois, os seus dous fundadores, Joaquim Durães, Márcio Laranjeira e Tojo Rodrigues (Black Bombaim) pecharán o showcase do seu aniversario cunha mostra dun soundsystem no que entran dende o hardcore made in DC ata a nova cumbia.

## LUCRECIA DALT (CH)



O misterio é unha característica definitoria da colombiana Lucrecia Dalt. Afincada en Berlín despois de pasar por Barcelona, o seu é facer colisionar melodías e estruturas abstractas, no eido dun pop electrónico orgánico, delicado e metafísico, unha auténtica delicia. O seu último artefacto en colaboración con artistas coma Julia Holter ou Kohei Matsunaga chámase Terepa (Other People, 2014) e é un delicado experimento de grabación a distancia e a cegas.

## MARIO GONZÁLEZ (GZ)



De Carl Finlow a John Beltran pasando por Plaid ou o IDM primixenio, o DJ lucense Mario González é un recoñecido clubber da escena norte peninsular, igual que un acreditado activista da música electrónica galega – o Festival Tentacle e o netlabel de referencia Doma Musique contan coa súa participación – e estará presente na programación clubber de WOSINC.

## MDOU MOCTAR (NI)



O enigmático guitarrista tuareg Mdou Moctar (Sahel Sounds, Nixer) é a cabeza visible dun fervente movemento cultural en Agadez, centro neuráxico da rexión Tuareg e tamén punto de referencia para Sahel Sounds, o selo que está a revalorizar a música da África occidental e que no seu eido xa propiciou o nacemento de estrelas internacionais coma Tinariwen ou Bombino. Este ano presenta a película Akounak Tedalat Taha Tzoughai, a primeira película sonora Tuareg, ademais de publicar a súa banda sonora.

## MICHAEL ROTHER (DE)



Pouca presentación precisa o alemán Michael Rother. O seu paso por bandas de tanto calado coma Kraftwerk, a súa importancia na fundación de bandas históricas coma Neu! e Harmonia ou a súa influencia en multitude de músicos das seguintes xeracións dende os anos 70 abastéceno dun repertorio que moi poucos artistas poden igualar. Traballador incansable da música independente, rodeado de colaboradores ilustres e sen data de reitro, é unha honra telo en WOSINC.

## MILES (UK)



Miles Whittaker é unha das personaxes máis recoñecidas da música experimental de comezos do século XXI en Gran Bretaña. Sexa baixo o seu nome ou como parte de proxectos compartidos coma Demdike Stare – con Sean Canty, Pendle Coven – con Gary Howell – ou Millie&Andrea, en colaboración con Andy Stott, o seu compañeiro na aclamada escudería Modern Love ou baixo pseudónimos coma MLZ ou Suum Quique, xa ten sido todo na música do noso tempo. Hardcore UK jungle, house de Chicago, o escuro techno británico de marcas coma Radioactive Lamb, noise contemporáneo ou Synthwave danse cita nun set implacable.

## MY EXPANSIVE AWARENESS (ES)



My Expansive Awareness (Analog Love Records, Zaragoza) abraiaron dentro e fóra das fronteiras estatais co seu EP de debut e a súa estrea en longa duración, un álbum homónimo que os está a levar aos primeiros lugares da sicodelia europea, colleitando boas críticas e soldouts alá por onde pasan. Dream-rock sicodélico para unha banda que ten toda a pinta de marcar unha época no futuro.

## NIÑO DE ELCHE (ES)



Semella que Paco Contreras / Niño de Elche (Sevilla) vai camiño de ser o gran artista español dos próximos anos. Non só polo seu profundo dominio do cante e a súa imposibilidade xeral para estar parado, senón tamén por estar a tender unha multitude de pontes entre estilos musicais, artes e inclusive discursos artísticos, recollendo alabanzas alá por onde pasa e deixando tras de si infinidade de portas abertas.

## NO JOY (CA)



More Faithful (Mexican Summer, 2015) é o cuarto disco dos canadenses No Joy, e o resultado dun refinado traballo de mestura de caos e orde, agresividade e suavidade, e tamén a composición dun collage de gravacións entre un estudio de Brooklyn e unha granxa de Costa Rica que remata co seu mellor traballo.

## NOT WAVING (UK)



A triloxía Voices é a última gran obra entregada por Alessio Natalizia, o produtor italiano afincado en Londres que se agacha tras de Not Waving (entre outros pseudónimos coma WALLS). III, o seu derradeiro volume (Ecstatic Records, 2015) contén un sombrío espectro de murmuriantes e pulsantes diálogos entre elementos electrónicos. Sempre dando a sensación de crear unha electrónica atemporal e intanxible, Not Waving é unha colección única de producións.

## NOVELLER (US)



Fantastic Planet (Fire Records, 2015) é o último álbum de Noveller, nome do proxecto tras do que se agocha Sarah Lipstate, unha directora de cine e compositora neiorquina que xa tivo ocasión de acompañar a persoeiros coma St. Vincent, Jesus Lizard e ser mencionada con paixón por NPR, Time Out ou The Wall Street Journal. Concebido no comezo como un proxecto de guitarra eléctrica, a estadounidense leva ese concepto cara novas direccións que hai que seguir con moita atención.

## PÁLIDA (GZ)



Pálida é incombustible: despois do lanzamento do seu LP de debut, "From The Bottom Of A Lake", outros dous Eps foron engadidos este ano á súa lista de publicacións. Do house á estridencia, pasando polo rock electrónico, e de novo á experimentación co loop, para rematar no que será o seu agardado próximo movemento.

## PEGA MONSTRO (PT)



Pega Monstro son as irmás lisboetas María e Julia (batería/guitarra/voz). Con un disco homónimo autoeditado no 2012 e actualmente presentando o seu Alfarroba (Upset The Rhythm, 2015), están a reclamar o seu lugar no panorama garage internacional, e estamos honrados de participar no seu crecemento.

## PYE CORNER AUDIO (UK)



Martin Jenkins, o home tras Pye Corner Audio, tamén autodenominado Head Technician, forma parte dun grupo de produtores fascinados coa tecnoloxía sonora de finais dos anos 70 e comezos dos 80, as creacións de artistas coma Eno ou Tangerine Dream e as bandas sonoras de John Carpenter e Claudio Simonetti.

Envolto nun misterio constante, o produtor británico lanzou o ano pasado a cuarta e última das súas compilacións de cinta de ¼" e cassetes tituladas Black Mill Tapes, que xunto coa súa gran colección de lanzamentos e colaboracións, conforma unha traxectoria única.

## REGOSANGUENTO (GZ)



Regosanguento é o proxecto unipersonal de Alex Canoura, vocalista e guitarrista da banda lucense Guerrera. Canoura percebe o dub, o blues cavernoso, a montaxe de infinitas capas de son e ata o beatbox coma un só ente cultural e así o materializa nunha colección de overdubs mutante e vívida.

Regosanguento actuará no concerto de presentación do WOSINC na Fundación Granell de Compostela o 3 de setembro con Sun Araw.



## SARA FONTÁN (GZ)



A Sara Fontán (recoñecida violinista en formacións coma La Orquesta del Caballo Ganador, Piña ou Manos de Topo) o formato canción fáiselle pouca cousa cando está de fronte co seu violín e os seus artefactos. Afeita a deixarse marcar polo espacio onde leva a cabo as súas improvisacións, Sara déixase provocar por el e o resultado nunca defrauda.

## SUDAKISTAN (SW)



Sudakistan son un quinteto latino establecido en Estocolmo que mestura con total maestría as súas ascendencias sudamericanas con rock e garage para crear un cóctel único. Militan en PNKSLM (con artistas coma Goat) e os seus lanzamentos en 7" e dixital fan imaxinar un futuro máis que prometedor.

## SUN ARAW (US)



Baixo unha premisa de longos desenvolvementos, colaboracións estelares e arranxos visuais, Cameron Stallones aka Sun Araw ven de desplegar unha carreira singular de música sicotrópica, contemporánea e expansiva en torno ao dub e a improvisación máis libre de ataduras. Gazebo Effect (Drag City, 2015) é o último disco deste alienígena, agora en formato trío, co que reflexiona sonora e visualmente sobre os obxectos e non-obxectos dun xardín sicodélico que semella estar conformado por infinitas capas.

Sun Araw estará actuando na festa de presentación de WOSINC o xoves 3 de setembro na Fundación Granell de Santiago de Compostela xunto a Regosanguento.

## SUUM CUIQUE (UK)



Suum Cuique é un dos alter egos de Miles Whittaker, prolífico músico da escena electrónica inglesa. Vanguardista e ao tempo un outsider do panorama electrónico, ten o mesmo estatus de culto que os irmáns Eoin (Boards of Canada), reservando para esta proposta as súas pasaxes máis arriscadas e intuitivas.

## THE OCTOPUS PROJECT (US)



The Octopus Project levan dende o 2002 publicando música increíble e xirando por todo o mundo en solitario ou xunto a artistas coma DEVO ou Explosions In The Sky. Aclamados pola súa experimentación audiovisual e a súa facilidade para converter cada actuación nunha festa memorable, o seu último lanzamento Fever Forms (Peek-A-Boo, 2013) e a súa participación na premiada banda sonora da película Kumiko os teñen posto na primeira liña da indietrónica internacional.

## THE VICKERS (IT)



Os italianos The Vickers son de Florencia pero semellan proceder dalgún espacio e tempo indeterminados, entre as melodías inmortais dos 60 e a súa continuación setenteira máis ácida, nalgún punto entre os Beatles, os Animals e os Grateful Dead. O seu último álbum, Ghosts (Black Candy Records, 2015), xa ten soado en lugares coma a KEXP ou a BBC Radio, así como os levou a tocar xa en diversos países europeos.

## THE VOG (GZ)



Os galegos The Vog son escuros, densos, tóxicos. Dentro dunha masa escura de sintetizadores e caixas de ritmo, surfean entre o pop desgarrador de Portishead, a obsesión polo loop de Beak> ou a querencia polo krautrock de Neu! ou Can. Absence, o seu primeiro EP, deste ano, publicado por Seara Records, marcan un punto e aparte na súa carreira, que promete moitas alegrías.

## TRILITRATE (GZ)



Igual que os grandes cociñeiros, os vigueses Triliterate mesturan ingredientes básicos nun cóctel imposible de música clásica, improvisación, música étnica orixinal, noise e experimentación visual en directo. Acordeón, violín e guitarra clásica son completadas por proxeccións en tempo real para unha receita inédita en Galicia.

## TURZI (FR)



Con C (Record Makers, 2015), a terceira e definitiva peza, o francés Turzi remata unha triloxía (comezada con A e seguida con B) que o levou a construír o seu propio estudio escuro e cheo de sintetizadores, guitarras antigas e teclados de todo tipo en Versailles. Navegando entre a obstinada repetición de Can, as melodías evocadoras e atmosferas inesquecibles do seu compañeiro Sébastien Tellier ou os históricos Air, o de Versailles ten unha forma totalmente particular de enfiar a música que o converte en aposta segura.

## VISION FORTUNE (UK)



A formación británica Vision Fortune ven de publicar o seu segundo disco, Country Music (ATP, 2015), gravado durante unha estada artística nunha vila toscana. Rock e pop escuros e enrarecidos por unha estática de noise sempre presente, a mestura que este rara avis nos presenta non deixa indiferente a ninguén.

Vision Fortune estarán actuando, ademais do WOSINC, na festa de presentación conxunta de WOSINC e o Zaragoza Psych Fest que terá lugar o 10 de setembro na sala Moby Dick de Madrid, xunto a Klaus Johann Grobe, Puma Pumku e My Expansive Awareness.

## VOLONTÈ (GZ)



Sons, ruídos difusos, pequenos golpes e obxectos compoñen as pezas sonoras de Volontè, un grupo galego de música experimental e improvisación libre conformado por Roberto e Rafa Mallo, ademais de Miguel Prado, figuras de primeira liña da experimentación galaica.

A formación participou recentemente na elaboración dunha curtometraxe do mesmo nome en 16mm, unha peza audiovisual que reflexiona sobre os procesos de creación sobre soportes analóxicos e as relacións da imaxe e o son neste proceso.

Tanto a curtometraxe coma a formación estarán no WOSINC nunha participación moi especial.

## VOZZYOW (GZ)



Os composteláns Vozzyow semellan querer divertirse a toda costa. As súas ferramentas son un manexo espontáneo dos seus instrumentos e unha naturalidade que só posúen os xermes das grandes bandas. Crudos e ruidosos, pero con cariño pola obscuridade de bandas dos 90 coma Primus ou US Maple, Vozzyow non poden máis que continuar a explorar os seus límites xeográficos e conceptuais.

11-13 · SETEMBRO · 2015  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**WOSINC**

## **WOSINC #ARTES ESCÉNICAS#**

### **IGNATIUS FARRAY (ES)**



A Ignatius Farray, o deus da comedia tenlle tocado con varios tentáculos, a comedia salvou a súa vida, e agora el transmíteo nesta experiencia cómica xenial, radical e irrepitible. Gústalle discutir sobre a comedia e topar os seus límites e novos camiños, o mesmo enriba dun escenario en forma de espectáculo clásico alterado pola súa ferocidade, ou no seu show El Fin de la Comedia, no que trata de chegar ás súas mismísimas fontes.

### **QUIMERA ROSA (GZ)**



Quimera Rosa é un laboratorio de experimentación e investigación sobre identidades, corpo e tecnoloxía, e o seu traballo ven de ser presentado en rúas, centros de arte, universidades, museos, centros ocupados e festivais. Herdeiras dos discursos transfeministas e postidentitarios, elas fan do seu corpo unha plataforma de intervención pública, xerando rupturas na fronteira entre o público e o privado.

O seu espectáculo Sexus 3, facendo un guiño a A Pianista de Elfriede Jelinek, revisita o universo de Blade Runner facendo confluír o body noise en directo, o sexo gender hacking, corpos mutantes, código e próteses para poñer a proba a empatía do espectador.

### **VOLTAGE OPPOSITES (GZ)**



A artista visual Adriana Pazos, a bailarina e coreógrafa Paula Quintas e o artista sonoro Xoán-Xil López forman Voltage Opposites, unha compañía que desenvolve diversas liñas de investigación en torno á relación entre a danza contemporánea, o vídeo en tempo real, a experimentación sonora e o emprego de novas tecnoloxías. Micro Impactos é unha síntese de todas estas linguaxes nas que buscar unha relación entre o corpo físico, dixital e sonoro.



## CURTOCIRCUÍTO



## WOSINC #AUDIOVISUAL#

Curtocircuíto é, logo de 12 edicións, unha referencia no eido cinematográfico tanto dentro coma fóra da cidade de Santiago de Compostela. WOSINC e Curtocircuíto plantexan unha sinerxia para combinar contidos, coñecementos e visións dentro das programacións dos dous eventos.

Na presente edición de WOSINC Curtocircuíto apadriña dúas actividades: a primeira é a estrea de Akounak Tedalat Taha Tazoughai, primeira película de ficción Tuareg e protagonizada por Mdou Moctar – que tamén participa no festival -, a segunda é a organización dunha Noite Curta ao aire libre na Praza de Praterías, cunha selección de pezas audiovisuais experimentais comisariadas especialmente para o noso festival, que se levará a cabo a noite do mércores 9 de setembro.

## NUMAX – LOS HONGOS



Este ano, en colaboración co Cinema NUMAX – NUMAX Distribución, estreademos no eido do WOSINC a película colombiana Los Hongos, dirixida por Óscar Ruiz Navia, que ven de recibir numerosos premios antes de ser estreada en Francia o pasado 27 de maio con gran acollida de crítica e público. O seu director pertence a unha nova xeración de cineastas colombianos que comeza a destacar no panorama internacional. O coguionista e asistente de dirección de Los Hongos, César Acevedo, é ademais o último gañador da Cámara d'Or en Cannes 2015 pola súa película La Tierra y La Sombra.

*“Cada noite despois do traballo na construción, RAS pinta grafitis nos muros do seu barrio oriental de Cali. Non volveu durmir e está comezando a soñar esperto. Un día perde o seu traballo por roubar varios tarros de pintura cos que andaba facendo un gran mural. Sen un can, atravesa a cidade na busca de Calvin, outro xoven grafitero que estudia belas artes e coida da súa avoa. Os dous irán sen rumbo fixo pola cidade e no camiño, igual que dous hongos, mancharán o seu entorno de inmensa liberdade.”*

A proxección será de pago e aberta a todos os públicos e os aboados a WOSINC terán a oportunidade de asistir á proxección dous días antes da súa estrea no resto de salas estatais ata a finalización do festival a un prezo reducido de 4,80€.

11-13 · SETEMBRO · 2015  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**WOSINC**



## WOSINC #COLOQUIOS#

### A NECESIDADE DO COLECTIVO

“Precisamos poetas e pintores”, cantaban os históricos The Ex no seu Listen To The Painters (do disco Turn, Touch&Go Records, 2004). Autores e músicos (Francisco Contreras/ Niño de Elche, Xavier Castroviejo), unha actriz e autora (Sonia Barba) e un documentalista (Carlos Lapeña) son conducidos polo periodista e xestor cultural David Bizarro a través de “A Necesidade do Colectivo”, unha mesa auspiciada polo periodista, crítico e músico Luis Boullosa sobre a que se porán en discusión a incidencia da sociopolítica na inspiración e o proceso creativo que rodean á música e as artes en xeral.

### TE ESTOY HABLANDO A TI

Te Estoy Hablando A Ti é un diálogo aberto sobre as posibilidades unha nova linguaxe feminina a través da ilustración, a fotografía, a literatura, o humor e o DIY. Catro creadoras e activistas (Anastasia Bengoechea / Monstruo Espaguete; Nieves Limón / Género y figura; Alexandra Lores / Fanzine CONA; e Judith Cerqueiro / Adataberna) serán conducidas pola xornalista Lara Tigre nun debate sobre as novas vías de expresión a través da arte, as redes sociais e a autoxestión.

### POR AMOR Á ARTE. DA PAIXÓN Á PROFESIÓN


Catro promotoras independentes debaten e analizan as diferentes visións e escenas coas que traballan en “Por Amor Ao Arte. Da Paixón Á Profesión”, así coma as claves que levan a converter unha aposta persoal nun proxecto colectivo e unha paixón nunha iniciativa profesional. O periodista Fernando Rego conduce unha mesa na que participan Edu García (Giradiscos), Joaquim Durães (Lovers & Lollypops), Julio Gómez (Sinsalaudio) e Pablo Fernández (Discos Humeantes).

### O BIG DATA NON MORDE: APLICAO AOS TEUS EVENTOS

Todo o mundo fala do Big Data, pero, que significa exactamente e como pode axudar á difusión de eventos? Esta introducción ao mundo dos datos permite obter información relevante sobre a audiencia e os seus hábitos. Nos negocios de nova xeración, a intuición xa non basta, e o Big Data proporciona impulso para dar ese paso adiante. Raúl Ruiz, experto en Analytics de Ticketscript, é o poñente elixido para levar a cabo esta charla.

11-13 · SETEMBRO · 2015  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**WOSINC**



## **WOSINC #GASTRONOMÍA#**

### **GASTRO-RUTAS POLO MERCADO DE ABASTOS**

Incluso a mellor Praza de Abastos de Galicia pode precisar un pouco de orientación. Tres gastronomos de referencia en diversas especialidades van presentar a súa visión da cociña e o Mercado de Abastos para invitar aos participantes a que lle acompañen a coñecer a praza dende o seu punto de vista. Para todos aqueles que queiran investigar máis nun dos espazos con máis encanto da cidade, WOSINC ofrece a oportunidade única de redescubrir a praza a través de tres visións diferentes: tradicional, orgánica e reposteira.

A ruta tradicional será guiada por Jorge Guitián, mentres que a ecolóxica será dirixida por Silvia Méndez de V de Vegetal e a reposteira polas viguesas Suculenta.

### **DEGUSTACIÓN GASTRO · MUSICAL A CARGO DE BLUEMOUSE DJ IAGO PAZOS DE ABASTOS 2.0 · JAVIER RIAL DE RADIO DELI MIGUEL VILLAR DE PAZO DE ALTAMIRA**

A xornada do sábado comezará con boa música e mellores alimentos gracias á unión do DJ compostelán Bluemouse con tres referentes no eido do Mercado de Abastos: Abastos 2.0, Radio Deli e Pazo de Altamira. A partires das 12.00 terá lugar a demostración culinaria de tres tapas creadas en exclusiva para WOSINC por Iago Pazos, Javier Rial e Miguel Villar, que será seguida por unha degustación limitada. A tapa poderá consumirse en Abastos 2.0, Radio Deli e Pazo de Altamira só durante o sábado do festival e cun prezo especial para abonados.

11-13 · SETEMBRO · 2015  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**WOSINC**

**WOSINC #ORGANIZA#**



WORK ON SUNDAY

**WORK ON SUNDAY**

**APDO. 1072, 15706**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**WWW.WOSINC.ORG**



